



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Psicología Clínica	Código	653540018	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Lorenzo López, Laura	Correo electrónico	laura.lorenzo.lopez@udc.es	
Profesorado	Lorenzo López, Laura	Correo electrónico	laura.lorenzo.lopez@udc.es	
Web	estudios.udc.es/es/subject/4540V01/4540018/2021			
Descrición xeral	Coñecer os principais cambios cognitivos e condutuais que se producen durante o proceso de envellecemento, tanto normal como patolóxico. Familiarizarse cos instrumentos mais empregados para a avaliación das alteracións e condutas psicopatolóxicas na poboación de idade avanzada. Iniciarse na intervención psicolóxica coas persoas maiores.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir habilidades que permitan transferir o coñecemento teórico adquirido ás diferentes situacións reais dos ámbitos específicos da intervención psicolóxica.	AP1 AP3 AP4 AI2 AM1	BM2 BM3 BM4	CM7 CM11 CM13
Aprender a manexar os distintos métodos de avaliación diagnóstica e tratamento psicolóxico no ámbito aplicado da psicoloxía do envellecemento.	AP1 AP3 AP4 AI2 AM1	BM2 BM3	CM13
Ser capaz de valorar, interpretar e sintetizar adecuadamente a información procedente de técnicas de avaliación e diagnóstico psicolóxico.	AP1 AP3 AP4 AI2 AM1	BM2 BM3 BM4	CM7 CM11 CM13
Manexar e desenvolver metodoloxías de intervención específica para a poboación de persoas maiores.	AP3 AI2 AM1	BM2 BM3	CM11 CM13

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE 1. Psicología clínica e envellecemento	Tema 1. Introducción á psicoloxía clínica do envellecemento e metodoloxía.
BLOQUE 2. Cognición e envellecemento	Tema 2. Cognición e envellecemento.
BLOQUE 3. A psicopatoloxía no envellecemento	Tema 3. Trastornos afectivos: ansiedade e depresión. Tema 4. Trastornos psicóticos e delirio.



BLOQUE 4. Personalidade, adaptación e cambio no envellecemento	<p>Tema 5. Personalidade e envellecemento.</p> <p>Tema 6. A sexualidade no envellecemento.</p> <p>Tema 7. Xubilación, morte e dó.</p> <p>Tema 8. Promoción da saúde e envellecemento activo.</p>
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4	12	15	27
Obradoiro	A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C7 C11 C13	2	2	4
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A7 A8 C7 C11 C13	2	25	27
Proba de resposta múltiple	A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C11 C13	3	12	15
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación oral da materia por parte dos profesores (docencia expositiva), guiada por medios audiovisuais. As sesións maxistras pretenden transmitir coñecementos xerais sobre a materia e resolver dúbidas. Terán lugar os martes de 16:00 a 18:00 horas, en semanas alternas.
Obradoiro	Os alumnos desenvolverán tarefas eminentemente prácticas (tanto na aula como na casa) sobre temas específicos, con apoio e supervisión dos profesores: Estudo de casos clínicos, debate e discusión de contidos específicos da materia, revisión e análise de artigos científicos seleccionados polos profesores e relacionados coa materia, videos, comentarios sobre noticias actuais ...
Traballos tutelados	O alumno realizará un traballo tutelado (experimental ou teórico) relacionado co programa. Independentemente do tipo de traballo seleccionado (experimental ou teórico), incluíra a revisión de artigos científicos (en castelán e inglés) sobre o tema elixido, e unha avaliación crítica dos mesmos. Ademais, o traballo debe ser exposto oralmente na clase co apoio de medios audiovisuais.
Proba de resposta múltiple	Os temas presentados na clase durante as clases teóricas deberán ser superados a través dunha proba que constará de 40 preguntas con 4 opcións de resposta.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	<p>A titorización de traballos tutelados e exercicios requeridos nos obradoiros poderase realizar nos horarios de titorías de forma presencial ou telemática por Teams, ou mediante correo electrónico: laura.lorenzo.lopez@udc.es. Ademais da atención personalizada que se realice a demanda do alumnado, haberá dous encontros obrigatorios para realizar o seguimento do traballo tutelado. A forma (presencial ou telemática) e o momento en que se desenvolverán tales encontros obrigatorios indicárase ao longo do curso.</p> <p>Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica deberán indicalo ao inicio do curso para adoptar as medidas de atención personalizadas que sexan adecuadas en cada caso.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C7 C11 C13	Avaliarase a participación activa e con aproveitamento, a capacidade de resolución de casos e a capacidade de traballo en equipo. Esta cualificación contribuirá ao 20% da cualificación total da materia.	20
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A7 A8 C7 C11 C13	Avaliarase a capacidade de síntese e a valoración crítica do tema estudado, ademais do contido e formato do traballo, e a súa exposición oral. A cualificación do traballo tutelado contribuirá ao 40% da cualificación total da materia.	40
Proba de resposta múltiple	A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C11 C13	Proba de tipo test composta por 40 preguntas con 4 opcións de resposta sendo só unha resposta correcta. Cada pregunta que se responda mal restará 0,25 puntos, non restando as respostas en branco. Fórmula: $(A - (E * 0,25)) * 10 / 40$. Esta cualificación contribuirá ao 40% da nota total da materia.	40

Observacións avaliación

A detección de fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada e a remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou permanente do/a alumno/a do título cursado.

Fontes de información

Bibliografía básica	Belsky, J.K. (2001). Psicología del Envejecimiento. Paraninfo. Madrid.Fernandez-Ballesteros, R. (2007). GeroPsychology. European Perspectives for an Aging World. Hogrefe. Washington.Fernandez-Ballesteros, R. (2009). Psicología de la vejez. Una psicogerontología aplicada. Pirámide. Madrid.Fernández Liria, A., Rodríguez Vega, B. (2006). Habilidades de entrevista para psicoterapeutas. Desclee. Bilbao.Izal, M., Montorio, I. (1999). Gerontología Conductual. Bases para la intervención y ámbitos de aplicación. Editorial Síntesis. Madrid. Montorio, I., Izal, M. (2000). Intervención psicológica en la vejez. Aplicaciones en el ámbito clínico y de la salud. Síntesis. Madrid.Muñoz Tortosa., J. (2002). Psicología del envejecimiento. Pirámide. Madrid.Triadó, C., Villar, F. (2006). Psicología de la vejez. Alianza Editorial. Madrid.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Valoración en Xerontoloxía/653540002

Intervención Non Farmacolóxica en Demencias/653540019

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático;b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.RECOMENDACIÓNS XERAIS:1. Asistir ás sesións presenciais/telemáticas.2. Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso.3. Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas.4. Preparar de forma adecuada a presentación oral do traballo.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías